

Premio Xosé María Chao Ledo

Lema: O Funchal

AMOR EN TRILOXIA

ELA

Foite buscar á fonte do silencio,
teito de luz por onde errabas.

Foite buscar,
para che dar o corpo,
noite callada en rosas,
a un xardín de distancias estelares.

Era o canto do grilo quen urxía a túa a busca.

E era a lúa o reclamo
para te fornecer de sangue mol,
dese doce later de paxariño.

Morna, alongada, horizontal, espida
moxeca e dor,
como azul bolboreta que tremese na corda dun piano,
apousoute do ventre, vagarosa,
ben acochado en caraveis vermellos.

Enristrouche o cabelo
con razadas de sol, fíos de lúa

e menceres de fríos prateados.

E déuseche no leite
e na palabra.

Eu non vin o escintilo da profética estrela
que falaba de ti,
pero souben que estabas
porque ela te traía en cada soño
cabo dos meus bonecos.

E cantaba
no recantiño rosa do meu berce
para nos liberar dos ventos e das néboas,
das bágoas brancas,
e do silencio.

Amostrouche tamén
esa doce calor do feminino.
E inventou exercicios
que che ensinasen a ser home un día.

OS DOUS

Eu atopeite alí, no seu xardín,
bendito aínda xardín de soedades.
E firmei co universo unha escritura
de doación eterna.

Pero tamén te recollín do vento,
da néboa, da calor, do sol, da chuvia,
dos mences sonoros e das rosas.

E díxenche do mar
levándote ó navío do meu corpo
para que navegases.

E sigo a colleitarte, día a día,
cos arados do amor, fendendo a terra
dos sucos do teu corpo.

A AUSENCIA

A lúa que bicou o teu espido solitario
pola xanela azul, mentres me agardas,
asustouse do berro
co que a ave en celo se axotou na árbore.

E veu a tentación pola raiola algarufada e quente
que me espertou.

E apousou ruidosa riba do meu cabelo.

E, meu amor,
as orquídeas chamáronme coas formas do teu corpo,
coa levedade da pel íntima,
coas texturas untosas da nosa unión
para que eu te debeza.

E os olores chegaron, luxuriosos,
a tantas oquedades

que me mirei no espello para me descubrir a muller-ébano,
e darche na distancia
as torneadas pernas de madeira,
o pasamáns do teu agavear polo meu corpo,
Amado.

Pero non.

E amoseime á paisaxe, húmida e núa,
para me achar muller-xacarandá
de carne azul, de alporizadas veas
que agromasen no ceo dos teus beizos,
Amado.

Pero non.

E o mar bradou abaixo nos rochedos
enchéndose de escumas fecundantes e venéreos olores
para chegar a min cubríndome do seme
da túa ausencia,
Amado.

Pero non.

Porque nada é igual
anque se encenda a lúa
e se incinere o corpo nesta urxente espidez.

Porque nada é igual na túa ausencia.

18-1-10
07-1-87
Muller-ébano